

Agro

gandería

Os pros e contras de emprender na carne e no leite

razas autóctonas

Falamos con criadores de porco celta e unha iniciativa de Avimós

forestal

Entrevista con Jorge Souto, empresario do sector

formación

Os centros de ensino especialízanse para mellorar o sector

servizos

Os grupos de empresas que nacen vinculadas ao rural

ferramentas

As grandes protagonistas do mercado de primavera



An advertisement for Xelda Eido Rural. The background is a textured brown surface. On the left, there is a white line-art illustration of a surveyor using a tripod-mounted instrument. In the center, a green tractor is pulling a plow. On the right, there is a white circular logo with a green swirl design. Below the logo, the text 'xelda' is written in a large, lowercase, sans-serif font, with 'EIDO RURAL' in a smaller font below it. At the bottom right, the text 'ENXEÑERÍA · GANDERÍA · DESENVOLVEMENTO RURAL' and 'RÚA SAN ROQUE, Nº 2 MEIRA (LUGO) 982 35 69 79' is displayed.

GANDO VACÚN DE CARNE

Os pros e contras de emprender no sector

Dúas gandarías de carne da comarca analizan o sostemento económico que precisa unha explotación

O día a día nunha explotación gandeira varía moito dependendo da época do ano, neste que dende mediados de outubro no parou de chover e pesar de que as temperaturas foron boas “non tivemos catro ou cinco días seguidos bos polo que o manexo nunha explotación extensiva como pode ser a nosa é moi pasados por auga”, conta Adolfo Cabarcos membro da explotación REFOL SC, en Xermade, quen engade que “os terreos están moi mollados e unha concentración dos animais machuca moito o chan”. Para os partos a época fría do ano tampouco é a mellor e “os pequeniños ante as inclemencias non o pasan ben”. Unido a isto Adolfo engade que “cando ven un inverno así longo coma este é necesario depender de suplementar o pasto, que xa se fai habitualmente en épocas de inverno, pero gástase máis do habitual e hai explotacións que tiveron que recorrer á compra porque esgotaron o que tiñan” pero conclúe que “cando vén a primavera e o bo tempo o traballo é moito máis levadeiro”.

Fina Cortes Prieto é gandeira en Belesar, na explotación que leva o mesmo nome, e compatibiliza o seu traballo coa crianza da súa pequena, polo que o seu día a día comeza “en torno ás seis e media da mañá para deixar os becerros botados e tamén o alimento das vacas, despois vou levar a nena ao colexio e volvo”. Para Fina neste traballo sempre hai “algo que facer, aquí non hai nunca un día libre”.

Os camiños que levan a cada persoa a emprender no negocio da gandería son diferentes. Fina sempre estivo vinculada ao sector “eu crieime sempre con vacas, os meus pais xa tiñan” e despois de estar traballando nunha tenda por conta allea á súa nai deulle un infarto e “había que tomar a decisión de abandonar todo ou comezar eu, e decidín volver para casa e continuar co negocio. Disto xa hai uns seis anos”.

Adolfo pola súa banda deu comezo a súa andaina neste sector no ano 1988, con menos animais dos que ten na actualidade “porque tes que ir pouco a pouco, había unhas terras que fun transformando, aumentando gando e alugando terreo. Nós na actualidade manexamos unhas noventa hectáreas pero desas, aproximadamente cincuenta e cinco son alugadas”. Dende o 2006 conta cunha SC xunto ao seu fillo que “dende xaneiro deste ano está incorporado ao cen por cento, eu xa cumprín os 65

anos, xa estou practicamente xubilado”.

O pasado ano estivo fortemente marcado polas mobilizacións dos gandeiros que reclamaban prezos xustos para a súa carne. Na actualidade estes prezos volveron a baixar e para Adolfo “nesta época xa é característico de todos os anos unha caída nos prezos que baixaron con

respecto ao mes de decembro e incluso xaneiro, ao mellor hai unha variación de corenta ou cincuenta céntimos”. Nesta mesma situación está Fina, quen engade que “este ano pasado, no 2023, houbo unha subida, aínda que non foi moito, pero agora xa levamos uns meses á baixa”.

Ao problema do prezo da carne

“É necesario que isto che guste moito para que queiras vivir desta profesión porque é un traballo de todos os días”



**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURÓN, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com



hai que sumarlle os custos de produción aos que teñen que facer fronte dende o sector gandeiro. Unha explotación que se estea incorporando precisa facer unha forte inversión que é necesario amortizar e que para Adolfo teñen que ir ligados aos custos de produción. “Hai trece ou catorce anos os custos de produción estaban xa en torno aos seis euros e cincuenta céntimos e hoxe saen por riba dos oito euros, sempre falando dunha explotación que está incorporándose e amortizando as inversións e, da media, haberá quen os teña máis baixos e tamén máis altos. Con respecto a estes custes de produción Fina conclúe que “hai moitísimos gastos, o abono está polas nubes e o gasóleo igual e sobe tamén a cotización. É complicado, precisas ter moitas cabezas para conseguir algo de rendibilidade pero para ter moitas cabezas é necesario ter unha gran cantidade de terreo, que non hai, porque onde non hai concentración parcelaria está todo moi repartido e é moi incómodo”. A nova normativa PAC trae consigo novos requisitos que os gandeiros da maioría das granxas deben cumprir como

o Caderno Dixital, a aplicación localizada de xurros, o plan de abonado ou a elaboración dun Plan Sanitario Integral. Esta multitude de requisitos de seguimento técnico afecta directamente ao traballo dos gandeiros. Quitando o traballo co gando para Adolfo unha das tarefas máis complicadas é “toda a burocracia que temos que realizar cada vez con máis acusación e o que nos trae de cabeza. Unha porcentaxe moi alto de traballo da explotación, un trinta por cento ou incluso máis, vaixe en xestións burocráticas. En temas de documentación, solicitudes, recursos e cada vez esixen máis. Agora veñen de estrear a nova reforma da PAC coa aplicación do caderno dixital, que parece ser que vai ser voluntario, aínda que iso é relativo porque as explotacións que o usen parece que van ter uns incentivos.” Nunha situación moi parecida con respecto a esta nova normativa PAC atópase Fina que afirma que “na actualidade cada vez hai moitas máis normas, moito papeleo para un montón de procesos e agora é todo por internet o que dificulta o traballo para a xente máis maior”. Estes requirimentos administrativos para os que

son precisos internet necesitan dunha boa cobertura no rural xa que senón “os procesos burocráticos eternízanse” e complican aínda máis o proceso burocrático. Para Adolfo esta é unha profesión con “momentos agrídoces, hai bos, nos que as cousas van ben, non tes problemas de enfermidades nin de partos e outros momentos máis agres, cando tes baixas ben sexa por ataques de lobo ou xabárn, por enfermidades ou problemas no parto e tes que loitar contra todo iso”. No referente ás enfermidades engade que “están aparecendo enfermidades novas coma a Hemorráxica epizootica que apareceu a finais do verán e que causou baixas en animais, agora estase vacinando para a lingua azul. Todo son inconvenientes para o día a día dunha explotación” “Este ano eu non tiven problemas” comenta Fina con respecto ás enfermidades do gando e para ela unha das maiores dificultades deste traballo é “o día a día, xa que non contas con un día libre e un traballo moi suxeito e se te

queres ir de vacacións tes que buscar a unha persoa que veña facer o teu traballo, pero para uns poucos días é difícil atopar. Eu estou soa, teño unha nena e ós meus pais xa son maiores e a verdade é que hai días que é difícil. É necesario que isto che guste moito para que queiras vivir desta profesión porque é un traballo de todos os días” e a isto engade as perdas “si che morre un becerro esa vaca en dous anos xa non é produtiva, aí xoga moito a sorte tamén” A parte máis positiva deste traballo para Fina é que “dentro de que hai que traballar todos os días, contas con ratos libres e non hai un horario fixo para o que teñas que estar a unha hora concreta nun sitio, o que permite conciliar mellor nalgunhas ocasións” e engade que “para min o mellor é no inverno, xa que un día que chove ou fai moito aire e non podes votar o gando tes máis flexibilidade de horario”. Adolfo destaca como a mellor parte do seu traballo “a época de partos, cando ves que os animais están ben, que naceron ben e sen dificultades. É moi bonito”.

“Unha das tarefas máis complicadas é toda a burocracia que temos que realizar cada día e que nos trae de cabeza”



<p>SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA</p> <p>NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES</p> 	<p>TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO</p> <p>CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS</p> 	<p>TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS</p> <p>JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS BZ TIMKEN bezires S.A.</p>	<p>TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS</p>  <p>Milwaukee Nothing but HEAVY DUTY.</p>	<p>RYS SESACAR</p> <p>RECAMBIOS Y SUMINISTROS</p> <p>Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com</p>
---	--	---	---	--

GANDO DE LEITE

A repercusión do prezo do leite na vida diaria

Dous gandeiros relatan o descenso da rendibilidade das explotacións nos últimos anos

O pasado mes de febreiro a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional fixo públicas as sentenzas que confirman as condenas ás industrias que formaban o *Cártel do Leite*. En total son nove sentenzas, das cales sete confirman integramente os feitos polos que a Comisión Nacional de Mercados e da Competencia sancionaba en 2019 a estas empresas, e incluso se lle impón a condena en costas por ver desestimado o seu recurso. Con isto confírmase as protestas e denuncias públicas do Sindicato Labrego ao respecto das “prácticas ilegais que as empresas executaban para impedirle ás explotacións cuestións básicas como cambiar de empresa ou reclamar mellores prezos”.

“O pacto de prezos fraudulento establecido entre estas industrias lácteas acabou contaminando á totalidade do sector, que fixou uns prezos artificialmente baixos e impediu ás granxas cambiar de empresa, alterando polo tanto as condicións de mercado. Polo tanto, os prezos do resto víronse afectados, prexudicando a todas as granxas que entregaban leite, o cal podía permitirles reclamar como afectadas contra o Cártel do leite”,



explican desde o Sindicato Labrego Galego.

Daniel Taboada Ferreiro da explotación Pernas e Taboada SC, en San Cosme de Nete, conta que “agora mesmo o prezo do leite está baixo en relación aos custos de produción, de forraxes, pensos e abonos, e segue baixando. Agora baixárono tres céntimos para os próximos tres meses e é posible que de cara ao verán aínda baixe máis, esta situación é bastante insostible”.

Mercedes Morado socia de A Carreira SC, en Labrada, Guitiriz, engade que “o leite neste momento está á baixa, nós levamos un ano renovando os contratos cada catro meses e estamos con Larsa en pastoreo. Tempo atrás estábamos cun prezo estable e cubrimos os

custos e sacabamos un soldo, non moi alto, pero agora volvemos a anos atrás”. Para esta gandeira do leite o peor é “a inseguridade do prezo e dos contratos, xa non temos contratos dun ano e o que pedimos é ter un prezo mínimo garantido para poder planificar o futuro e facer inversións”.

“Este é un traballo para todos os días do ano, a xente busca outras alternativas porque ao final, con todo o traballo que fas non se gaña o que se debería gañar, e isto tampouco axuda a que a xente nova se asente no rural”, comenta Daniel. Non só o prezo do leite á baixa dificulta o modo de vida destes gandeiros senón que os prezos de produción que “son altos” para Mercedes afectan de forma directa á rendibilidade do negocio.

“Os custos de produción máis ou menos mantéñense, pero se o leite continúa baixando e a forraxe ou o penso non baixa cada vez estamos máis afogados”, conclúe Daniel. O sector lácteo tamén se ve afectado pola nova normativa PAC que para Mercedes está “redactada por xente que non sabe o que é o día a día nunha explotación. Hai que ver as diferencias en cada comunidade autónoma, unha explotación en Galicia con terreos minifundista e o seu clima non é o mesmo que unha explotación de León ou Andalucía” e Daniel engade que “tes que adaptar moitas cousas ás novas normativas que noutros países de Europa poden ser viables con baixo custo pero aquí non.” Unido a esta problemática atópase a burocracia “as explotacións pequenas

“Ao final, con todo o traballo que fas non se gaña o que se debería gañar, e isto tampouco axuda a que a xente nova se asente no rural”

Restaurante



Suso

Plaza de Galicia, 7 - Castro Riberas de Lea (Lugo)

www.restaurantesuso.com

info@restaurantesuso.com



RESERVAS

Tel. 982 31 00 37

MENÚ DO DÍA
MENÚ FIN DE SEMANA
ALMORZOS
VIÑOS E TAPAS
PRATOS COMBINADOS
PIZZAS CASEIRAS
HAMBURGUESAS



CONSUMO
DE CARNES
DE GANDERÍA
PROPIA

AS NOSAS ESPECIALIDADES:
Ameixas á mariñeira, Bacalao Portuguesa,
Anguias, Carnes á grella e á pedra...

Dispoñemos de Salóns con capacidade para 75 e 120 persoas



Tódolos días en: restaurantesuso.com/menú-dixital



www.blancotrigo.com
informacion@blancotrigo.com

CASTELO, 1

27152 OUTEIRO DE REI (LUGO)

Tel. 982 393 286

Fax 982 399 805

Móviles: 608 185 597 - 608 588 315

608 988 861 - 608 082 666



familiares afógannos con todo o papeleo que se nos pide, esíxennos o mesmo que ás grandes granxas, que son as que crean a maioría dos problemas ambientais, e non as pequenas explotacións” conclúe Mercedes.

O traballo diario destas explotacións é variado e nunha granxa coma a de Mercedes o traballo de todos os días consiste en “muxir as vacas, alimentar o gando, realizar a limpeza das instalacións, aleitar becerros, alimentar a recría e votar ao pasto aos animais para volveros a recoller á tarde. Nós estamos en leite 100% pastoreo e os nosos animais sempre saíron pastar salvo días moi malos de inverno”.

Para Daniel “agora a partir destes meses son máis complicados porque é tempo de recoller a forrage ou de sementar o millo, despois en inverno lévase mellor; neste traballo sempre hai que facer pero dende o mes de outubro xa é máis levadeiro”.

Dentro do sector lácteo existe unha alta robotización e contan con maquinaria como arrimadores de comida, robots de muxido, de limpeza ou

cepillos para o benestar dos animais. Para Daniel “neste tema avanzouse moito pero os custos das máquinas son altos e ao prezo que está o leite hai moita xente que non pode facer inversións porque é difícil garantir o retorno. Está a diario subindo e baixando e é sempre incerto, o que dificulta a inversión. Hai moitas novidades tecnolóxicas pero cada día son máis caras”. Para Mercedes a tecnoloxía axuda pero “hai que manter un equilibrio e non embarcarse en grandes inversións que unha baixada de prezos implique non poder pagala”. A nivel de recursos tecnolóxicos tamén fai fincapé en internet, que “na zona rural estamos abandonados o que dificulta realizar todas as tarefas administrativas a través das sedes electrónicas”.

Tanto Daniel como Mercedes viviron a súa infancia vinculada ao rural e ao sector gandeiro. Os avós de Daniel xa tiñan gando que posteriormente pasou a ser do seu pai, quen foi aumentando o negocio. Porén para el o futuro laboral estaba vinculado aos camiós algo que

cambiou debido “ás circunstancias da vida que me trouxeron aquí” e rematou por facerse cargo da empresa familiar. Mercedes sempre foi unha apaixonada por esta vida e na súa casa sempre houbo vacas. “Eu estudei un FP de Administración e Finanzas e despois o rematar de estudar comecei a traballar nunha oficina vencellada á gandería e agricultura durante varios anos. Estaba contenta pero máis tarde fixo falta apoio na casa e deixei o traballo e incorporeime nunha sociedade civil xunto con meu irmán.”

O relevo xeracional é moitas veces difícil dentro deste sector, na zona onde está Daniel “si que hai xente que se estivo quedando pero maioritariamente diría que non hai relevo, a xente busca outras alternativas e se ten posibilidade elixe outras opcións”.

Para Mercedes a situación é parecida “hai moita xente nova que abandona o rural, eu teño 45 anos e son case das máis novas da parroquia e arredores, quedamos uns catro ou cinco da miña xeración, nada máis, nunha zona onde todo é gandería de leite e carne”. Para ela o máis importante sería “que se

potencie máis e se valore por parte das administracións este sector” e tamén “hai que facilitar e impulsar a venda directa dos produtos dos agricultores e gandeiros sen tantos intermediarios.”

Unha das maiores dificultades para Daniel é que “non hai tempo libre, sempre hai que estar presente e tes unha inversión moi grande, de maquinaria, de gando e de todo, para o que realmente che queda a final de mes.” E para Mercedes o peor está “na incerteza dos prezos e sentir que os que somos gandeiros ou agricultores non estamos valorados, cando o sector primario debería ser unha das profesións máis apoiadas”.

Porén, esta profesión tamén ten unha parte positiva, para Daniel a mellor é “a da maquinaria, é o que máis disfruto. Tamén que é un traballo que se leva bastante ben, non é un traballo onde teñas que estar oito horas continuas” e para Mercedes é “que ti es o xefe da túa propia empresa, decides a túa xornada laboral e a vida no rural non é estresante, nalgúns épocas, claro.”

“Ás explotacións pequenas afógannos con todo o papeleo que se nos pide, esíxennos o mesmo que ás grandes granxas, que son as que crean a maioría dos problemas ambientais”





CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

GANDO PORCINO

A conservación da raza autóctona do porco celta

A provincia conta con 73 granxas de criadores, das que 25 están na comarca da Terra Chá



A raza de Porco Celta é unha raza autóctona de animais de gran tamaño que teñen unha morfoloxía única, cunha gran rusticidade e un sistema óseo e muscular moi desenvolvido. Son animais moi aptos para a explotación en réxime extensivo xa que están moi adaptados ao medio no que viven e aliméntanse de recursos naturais estacionais como landras, castañas e brotes vexetais.

Asoporcel, a Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta nace no ano 1999 co principal obxectivo de recuperar e conservar esta raza e é a única en Galicia recoñecida de xeito oficial para a xestión do libro xenealóxico. Unido a isto tamén serve para darlles as ferramentas necesarias aos gandeiros en materia de axudas, de sanidade dos animais ou en aquilo que precisen. José Barreira é presidente desta asociación e tamén criador de Porco Celta na comarca da Terra Chá e indica que na actualidade son un total de 134 granxas as que están censadas na asociación sendo un total de 73 as situadas na provincia de Lugo e 25 na comarca da Terra Chá “o que implica bastante representación nesta comarca”. No ano 2023 foron mil novecentos o

total de animais sacrificados baixo o selo cen por cento raza autóctona, que vén acompañado de selo de Galicia Calidade, estes números tradúcense nun total de 185.000 quilogramos de carne.

“O número de granxas na actualidade estase mantendo, non vai a máis nin a menos, sempre hai algunha baixa dalgún socio e outros danse de alta. A nós, dende a asociación, gustaríanos que seguira aumentando dunha forma estable e que as granxas tiveran unha situación positiva de futuro. Porén todo o que estivemos vivindo coma a pandemia, a crise e outras circunstancias están dando lugar a que non aumenten este tipo de explotacións e que tampouco se acabe de dar esa estabilidade nas granxas existentes ou nas máis consolidadas para que poidan seguir aumentando a súa produción” afirma José Barreira.

A diferenza principal dunha granxa de Porco Celta con outras é o produto, pero non exclusivamente “tamén o benestar dos animais. A nós como gandeiros e produtores de porco celta velos felices, soltos e cunha vida sa ao aire libre é moi satisfactorio. O produto é dunha calidade moi diferenciada, en sabor e no proceso de medre dunha forma sa e con produtos naturais”. Para garantir o futuro e mellorar as condicións destes gandeiros José ve importante unha subida no prezo da carne “xa que falamos dun produto dunha inmensa calidade que se dife-

rencia moito a nivel saúde doutros”. “Criar un porco celta é máis custoso porque o tempo é máis longo, ten os seus gastos e penso que por todo isto o prezo da carne tiña que aumentar, porque estamos ante un produto san, criado en liberdade e con produtos de calidade”. A pesar do que moita xente pensa a cría de porco celta si que dá traballo “non podemos equivocarnos e dicir que os soltamos no monte ou nunha finca e eles gáñanse a comida e os coidados, porque non é así. Precisan dunha atención rigorosa a nivel de sanidade, alimentación ou cría”.

SUSTENTO DE VIDA. Na actualidade ningunha granxa dedicada ao porco celta o fai como sustento de vida “A miña é unha explotación pequena e o meu sustento de vida e outro”, o que tamén ten a súa parte positiva “podes compaxinalo con outros traballos, non é como unha granxa de vacas de leite que ten os seus momentos de muxidura, aquí podes facer o teu programa de traballo e de organización do día”. Barreira ten clara a vinculación co porco celta “sempre me gustou a miña terra e dentro da miña terra sempre sentín debilidade polas razas autóctonas, a idea de criar en pureza sempre é un extra, é conservar o que é noso. Os meus pais non lle chamaban aos seus porcos celtas pero xa había un interese por seleccionar dentro das camadas aqueles porcos máis longos e coas

orellas máis longas”. No referente ao relevo xeracional José cree que si que hai, aínda que estancado. “Eu penso que moita xente nova está interesada, si vas a unha feira onde damos a coñecer a raza hai moita xente nova, rapaces e rapazas que están interesados na cría e na conservación do porco celta. Incluso moitas veces con interese en enfocalo como actividade principal pero falta estabilidade e que compense a nivel económico. A mellor forma de conservar unha raza é comendo. Ten que haber unha valoración do produto e por tanto unha subida de prezos. Ter un prezo que cubra todos os gastos e que haxa un rendemento verdadeiro que cubra todo ese esforzo e traballo para que os gandeiros o vexan como unha actividade principal”. De cara ao futuro a asociación, a Deputación de Lugo e a USC están a traballar nun proxecto conxunto para crear unha granxa en Castro Ribeiros de Lea. “Vai ser unha granxa que se planifica para seleccionar mellores animais e para facilitarlos a un baixo custe aos gandeiros. Penso que sería unha ferramenta moi boa porque poderían adquirir animais cunha xenética moi marcada e de calidade”. Ao mesmo tempo esta granxa servirá para os rapaces e rapazas, que será futuros veterinarios, como centro de formación podendo ter unhas aulas de experiencia e traballo para o seu futuro profesional.

“Criar un porco celta é máis custoso porque o tempo é máis longo, ten os seus gastos e por todo isto o prezo da carne tería que aumentar”

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

HUSQVINA | Boshop y Jardi | CARLOS

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpnelas@bosch-bcs.com

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCENTO EN VACINAS E MICROCHIPS

CHAIREGOS
SERVIOS VETERINARIOS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

Reiniciar a PAC

OPINIÓN



Roberto García
Secretario Xeral
Unións Agrarias

Aos seus 62 anos, a PAC conseguiu o consenso de todos os produtores e produtoras de alimentos, desde Baviera ata o Alentejo pasando por Galicia ou Rennes, de que así non podemos seguir. Non podemos seguir subvencionando co noso traballo e a nosa renda a cesta da compra dunha sociedade cada vez máis allea á realidade dos que traballamos o campo. A Política Agraria Común necesita reiniciarse desde os parámetros nos que foi deseñada no século pasado: sen soberanía alimentaria europea, non hai Europa, polo menos tal como a coñecemos. E a proba témola na pandemia da covid 19. Que ocorrería se ademais de pelexar no mercado exterior polas máscaras, tamén o fixéramos polos tomates, os ovos ou o leite? Os produtores necesitamos -como parece que se abre paso-, unha flexibilización das esixencias ambientais da nova PAC,



que tal como demostrou o seu primeiro ano de aplicación en 2023, ten graves desaxustes entre a teoría dos regulamentos comunitarios e a práctica da realidade nas nosas granxas. A PAC necesita axustes. E a nosa responsabilidade como organización representativa da agricultura familiar en España é presionar ao noso Goberno -e a todas e cada unha das Comunidades Autónomas- para que as Administracións e todos os partidos políticos que negocian e deciden no Parlamento Europeo abran os ollos á realidade e

asuman as necesidades que lles chegan desde o campo. Ninguén máis que nós, e en Unións Agrarias-UPA nunca nos cansaremos de repetilo, está interesado en avanzar nos obxectivos do Pacto Verde Europeo. Entre outras cousas, porque só cun futuro de plena sustentabilidade será sostible nosa actividade. Pero iso debe ser compatible con adaptar as estratexias e os obxectivos á realidade. A PAC debe garantir xustiza e equilibrio entre o trato que se dá á agricultura propia e o que reciben os produtos que nos chegan

de mercados extracomunitarios. E non falamos de acabar co comercio exterior -non podemos esquecer que España é un país exportador moi potente- senón de que todos respondamos aos mesmos requisitos ambientais, laborais e sociais. Sen esquecer as reivindicacións escoitadas en Francia e Alemaña sobre a necesidade de simplificación administrativa nas xestións da PAC. Unha política que cada ano que pasa adoce dunha maior complexidade burocrática que, sen dúbida, pode e debe ser reconducida.

“A Política Agraria Común necesita reiniciarse desde os parámetros nos que foi deseñada no século pasado”

I.E.S. Plurilingüe San Rosendo



FORMACIÓN PROFESIONAL



FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

AGROXARDINERÍA E COMPOSICIÓN FLORAIS

“O teu inicio profesional con nós”



CICLO MEDIO

APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL

Modalidade dual (con prácticas remuneradas dende o primeiro ano) e na modalidade ordinaria

CICLO MEDIO DUAL

Oferta de 22 prazas en CM Dual en empresas de alto prestixio no sector agroforestal como:

- CARRONZA S.L
- FORESTAL DÍAZ CASARIEGO S.L.
- LANDELAR
- VIVEROS Y SERVICIOS FORESTALES CASELAS S.L.
- VIVEROS COSTA DE LÓNGARAS S.L.U.
- ANTONIO ALVARIÑO S.L.
- VIVEROS FOMENTO VEGETAL S.L.
- CENTRO JARDINERÍA GAVÍN C.B.
- SINERGIAS SOSTENIBLES RESIFOREST S.L.
- TENZAS ENXEÑERÍA E ASESORAMENTO LEGAL S.L.
- NOROESTE AGROPECUARIO S.L.
- EXPLOTACIONES FORESTALES SOUTO CARRILLO S.L.
- XARCEMO AGRO S.L.U.
- EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S.A



CICLO SUPERIOR

XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL



CICLO SUPERIOR

PAISAXISMO E MEDIO RURAL

Módulos:

- Conservación de xardíns e céspedes deportivos
- Xestión e organización do viveiro
- Deseño de xardíns e restauración da paisaxe
- Planificación de cultivos
- Xestión de cultivos

FORESTAL

Falamos do sector con Jorge Souto

“Queremos poñer o rural galego no sitio que se merece e facer unha industria forestal aínda máis forte do que xa é”

Hijos de Ramón Rubal é unha empresa familiar fundada no 1936 actualmente rexentada pola cuarta xeración. “Estamos considerados como unha empresa seria que foi de menos a mais dende a súa creación”, explica Jorge Souto, responsable da empresa que ofrece unha visión de como está o sector hoxe en día.

Como ve a saúde do sector madeireiro na provincia hoxe en día?
Considero que o sector forestal na provincia está forte, cunha maquinaria punteira con empresas consolidadas que son capaces de sacar unhas boas producións malia o minifundio. Coas infraestruturas que temos e a burocracia que hai que soportar para cortar unha leira, conseguimos unha boa produción.

Que cambios máis destacados se perciben nos últimos tempos?
Eu destacaría que a procesadora foi unha máquina que fixo cambiar a forma de traballar o monte tanto a nivel de traballo físico como de producións. Os autocargadores forestais actuais, e tamén as taladoras, tamén inflúen á hora de facer mellor os aproveitamentos. En xeral, o aproveitamento forestal de hoxe en día non se parece en nada ao de fai



aproximadamente 15 ou 20 anos. No tema dos serradoiros, as principais melloras están na automatización das máquinas. A forma do aserrado é a mesma, o que cambiou foi que se quitou a manipulación da madeira manualmente por equipos que o fan en automático chegando ao extremo de que ningún operario toca a madeira ata a clasificación final para servir ao cliente.

Segue a ser Galicia un centro de produción madeireira?

Galicia é un centro de produción de madeira e ten capacidade para moitísimo máis si fosemos capaces de poñer a producir o monte abandonado, e poñeríase no mercado moitos metros cúbicos de madeira que crearían unha gran riqueza.

Axuda ou entorpece a lexislación actual o traballo?

Non temos unha lexislación que nos impida cortar madeira, ese non é o problema. O problema está na cantidade de permisos que temos que solicitar para unha pequena tala, e o tempo que temos que esperar pola

resposta de cada un deles... como pode ser Medio Rural, Patrimonio, Augas de Galicia, Confederación, Costas, Carreteras, Adif, concellos...

Que necesidades ten a día de hoxe o sector?

Un dos problemas principais que temos é coas vías municipais. Tanto o sector forestal como o agrario mellorou moitísimo a maquinaria e adaptámola ao que a actual industria nos esixe, o que permite ser competitivos; e por outro lado as vías de saca están igual agora que fai vinte anos e non soportan a maquinaria actual. Estas vías de saca son as mesmas para a saca de madeira que para o servizo das vivendas. O sector forestal si que pode manter as pistas de terra en boas condicións, reparalas despois dun aproveitamento pero non podemos reparar as pistas asfaltadas que se estragan por un uso normal dos mesmos, nós non temos culpa que no seu día se asfaltaran sen ter firme algún.

E as principais ameazas?

Outro dos problemas máis graves que ten o sector é a banda marrón

que sofre o pino radiata. A industria cada día demanda máis a madeira de piñeiro radiata e a aplicación desta especie cada vez é maior. Ao paso que avanza a enfermidade, en 4 ou 5 anos non teremos un pino radiata san. A zona de Asturias xa está completamente seca e a Mariña tamén está moi afectada, por este motivo, véxoo como un problema moi grave que afectará en breve principalmente o aserrío.

Como se garante a continuidade nun sector que ten unha materia prima que necesita relevo?

Para garantir que o sector siga, hai que poñer en valor o monte, que está abandonado, buscar algunha conífera que substitúa ao pino radiata, adaptar as vías á maquinaria actual, simplificar os trámites administrativos e que sexan os mesmos en todos os concellos.

Pola parte que nos toca, o sector está formado por xente nova preparada, con ilusión e ganas de seguir investindo. Queremos poñer o rural galego no sitio que se merece e facer unha industria forestal aínda máis forte do que xa é.

“A procesadora foi unha máquina que fixo cambiar a forma de traballar o monte tanto a nivel de traballo físico como de producións”

LAMAS INGENIERIA

HOMOLOGACIÓN Y LEGALIZACIÓN DE VEHÍCULOS Y MÁQUINAS

AGRICOLA FORESTAL INDUSTRIAL





ivan@lamasingeneria.com info@lamasingeneria.com

Castro Ribeiras de Lea 606 456 856



Neumáticos VILLALBA



VENTA Y REPARACIÓN DE NEUMÁTICOS
ALINEADOS DE DIRECCIÓN
RECARGA AIRE ACONDICIONADO
CAMBIOS DE ACEITE Y FILTROS
DISCOS Y PASTILLAS DE FRENO
AMORTIGUADORES
RÓTULAS DE DIRECCIÓN
LLANTAS
BATERÍAS
ACCESORIOS



Financia tus compras sin intereses

DAMOS SERVICIO A LAS MEJORES COMPAÑÍAS DE RENTING

LUNES A VIERNES DE 9:30 A 20:00 SÁBADOS DE 10:00 A 13:30

Teléfono y Fax. - 982 51 11 28
Av. Galicia, 83 bajo - 27800 VILALBA (Lugo)

www.neumaticosvillalba.es
www.facebook.com/neumaticosvillalba



AVICULTURA

Avimós achégase aos colexios para a formación

Os nenos involúcranse en todas as fases da cría avícola durante un mes como parte da súa formación

A Asociación de Avicultores da Raza Galiña de Mos (Avimós) é a encargada salvagardar a continuidade desta especie autóctona en Galicia. Ao calor desta idea puxeron en marcha unha iniciativa que consiste en converter aos escolares en pequenos produtores desta especie. Hai xa máis de sete anos que comezaron a traballar cos colexios e a experiencia é moi satisfactoria. O éxito é tal que todos os anos teñen todas as incubadoras ocupadas en centros escolares e os colexios están facendo as súas reservas para o próximo ano. O obxectivo deste programa non só é dar a coñecer a raza da galiña de

Mos, a única raza autóctona aviar que hai en Galicia, a súa función tamén é achegar aos pequenos o respecto e o coñecemento do rural. Así, os pequenos teñen os ovos na incubadora durante 21 días. Tras este proceso, o centro dispón dos polos de raza de Mós, que entran no segundo proceso de cría, mediante un espazo cerrado con calor continua, e poden pasar a un galiñeiro ó aire libre a continuación. Centros como o de Román, onde se puxo en marcha esta iniciativa, foron máis alá e fixeron o seu propio galiñeiro. “O alumnado aprende contidos da área de Ciencias Naturais, de forma práctica, atractiva,

e a súa vez moi lúdica”, explican desde o centro.

Os resultados do programa están sendo totalmente satisfactorios, xa que o alumnado está inmerso totalmente na aprendizaxe de proceso de cría de polos, e no seu coidado, dando así resposta a actividades activas e partindo de contornas máis próximas, que son principios pedagóxicos do currículo de educación primaria en Galicia.

Avimós, que traballa por toda Galicia xa estivo en varios colexios. Na comarca destaca a participación tamén do centro vilalbés de Monseivane, o de Castro de Rei, Muimenta ou en Abadín. Nesta última localidade estiveron no centro de día, facendo partícipes aos usuarios dunha experiencia que a moitos deles non lle é tan allea e común cos nenos do colexio, que acudiron a ver o nacemento dos polos e puideron collelos.

Normalmente esta actividade complétase cunha charla divulgativa sobre a Galicia e Mos e a súa



importancia para o sector avícola. “Vemos moitas veces a cara de sorpresa dos pequenos, e moitas veces tamén dos pais, cando vén nacer os polos. Sabemos que o rural estase a despoboar e para moitos deses nenos é toda unha novidade ver as galiñas tan de preto, queremos que a xente teña cariño ás nosas orixes e que saiba de onde vimos”, engade Francisco Monasterio, presidente da entidade.



ENSINO

A formación a especialización desde o principio

O sector necesita de traballadores formados nas últimas tecnoloxías para seguir avanzando

Para todos aqueles que ven nos sectores gandeiro, agrario e forestal un abano de expectativas laborais resulta imprescindible a formación. Así, os centros de ensino da comarca foron especializando a súa programación para crear a profesionais do campo. Moitos centros escolares inculcan aos nenos a importancia do sector desde os primeiros cursos, incluso en infantil. Algúns, incluso, teñen incorporado invernadoiros para que os pequenos comecen desde cedo a traballar na terra. Coa evolución dos estudos de Secundaria e a súa diversificación nos ciclos, centros como o IES San Rosendo de Mondoñedo están orientados a formar aos que serán os futuros profesionais do sector.

O **IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo** é un centro que imparte a formación a través de ciclos da rama agroforestal. A súa oferta está encabezada polo ciclo



superior de Xestións Forestal e do Medio Natural. As saídas profesionais deste ciclo son traballos no ámbito da xestión de empresas de aproveitamentos forestais, da xestión de viveiros, de espazos cinexéticos e piscícolas, garda de espazos naturais, etc.

No grao medio ofrecen en modalidade dual e tamén en ordinario a formación en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural. Esta modalidade dual permite unha remuneración durante o período de formación na empresa, e alta no sistema da Seguridade Social, e ten un alto nivel de inserción laboral. As súas saídas profesionais están orientadas a traballos cualificados en empresas forestais e similares, maquinista de procesadora forestal, en viveiros de planta, especialista en traballos de altura nas árbores, motoserrista, aplicador de produtos fitosanitarios, etc. Pecha a oferta actual o ciclo básico de Agroxardinería e Composicións Florais. Permite a obtención do título de técnico profesional básico, unha cualificación de nivel 1 no catálogo nacional de cualificacións profesionais, e o acceso a ciclos de grao medio.

As saídas profesionais deste ciclo

son traballos en empresas dedicadas á produción de plantas e mantemento de xardíns, ao cultivo agrícola, á ornamentación floral, á decoración de espazos e eventos, etc., e tamén capacita para realizar tratamentos praguicidas de nivel básico.

A maioría da formación desenvólvese nas instalacións da Granxa, finca na que contan co equipamento adecuado para impartir a docencia de todos os ciclos, así mesmo, complementáanse con saídas, conferencias e coa formación en centros de traballo. Este centro vén sendo dende fai anos un referente na provincia no sector agrario. Nas súas instalacións contan cun simulador forestal que contribúe a mellorar a cualificación do alumnado, de tal forma que os titulados contan cunha experiencia que responde ás necesidades do sector. Ademais, ofrece a posibilidade de realizar a formación práctica en diferentes empresas referentes no seu ámbito, tanto dentro da Comunidade Autónoma Galega, como noutras.

De recente implantación é o Ciclo Superior de Paisaxismo e Medio Rural, para que todos os alumnos que teñan superado o Ciclo de

Grao Superior de xestión Forestal e do Medio Natural poidan obter o dobre grao en tres cursos formativos.

Ademais, tamén na comarca poden os alumnos seguir formándose e especializándose. Así nacen empresas como **Forma-T**, que imparte cursos específicos e especializados, á vangarda da formación, en tres sectores cruciais, o eólico, o forestal e de mariña mercante. Esta empresa conta cos medios máis avanzados para a capacitación no manexo da maquinaria forestal. Os alumnos poden facer a formación con maquinaria real nas instalacións e terras da empresa, e simuladores, os máis avanzados do mercado.

Contan con instalacións pioneiras en España e Europa, que están meticulosamente deseñadas para recrear experiencias laborais prácticas de maneira realista. "Garantimos así a capacitación dos nosos alumnos para afrontar situacións de emerxencia en diversas contornas de traballo", explican.

O último salto na formación está na Universidade. No campus de Lugo a formación enxeñeira céntrase no agro. A partir dela xurdiu unha importante gama de empresas vinculadas ao sector.



CAIXA RURAL
GALEGA

Ruralvía

> caixaruralgalega.gal



> Síguenos!   

Comprometidos
contigo!



HORTA

Recomendacións para iniciar a sementeira

O tempo cambiante de abril implica un coidado especial da terra e das novas sementes no exterior

Abril é un mes de moita actividade na horta pois marca o inicio para plantar a maioría dos cultivos de verán. Aínda que a posibilidade de xeadas adoita ser menor, si que poden darse importantes oscilacións térmicas e algunha sarabia, especialmente neste ano tan cambiante polo que haberá cultivos que, se os plantamos en exterior, hai que protexer.

Á hora de traballar e coidar os cultivos de cara a unha boa colleita haberá que seguir uns pasos fundamentais. Hai que sachar as plantas sementadas no mes anterior, como patacas, chícharos, fabas, leitugas ou básicas (repolo, brócoli, coles...).

Sempre debemos facelo con tempo asollado e seco para axudar a que sequen as malas herbas.

Tamén hai que sachar e quitar as herbas adventicias en cultivos que xa plantamos hai meses, como os allos, as cebolas ou os amorodos. No caso de que haxa varios días seguidos de calor e humidade, favorecerán a aparición de mildiu ou roya en allos e cebolas, polo que é recomendable facerlles un tratamento antifúngico sulfatando as cebolas con cobre e, no caso dos allos, engadirémolle un pouco de xofre.

No caso das patacas temperás, se xa están nadas e no caso de que co-



cidan varios días seguidos de calor e humidade tamén é recomendable facerlles un tratamento con sulfato de cobre para previr a aparición de enfermidades.

Quitaremos da terra os últimos cultivos de inverno, especialmente os allos porros, que durante este mes tenderán a florecer. Picalos e conxelalos é unha opción fácil para dispoñer deles durante os próximos meses.

Neste mes, tamén podemos empezar a plantar as patacas de tarde.

Para os que sigan o calendario lunar, preferentemente en lúa minguante. En canto a as sementes, podemos plantar leituga, allo porro, acelgas, remolacha, etc. Para pequenas hortas familiares, unha opción máis cómoda é comprar directamente a planta.

Desde finais de abril e ata finais de maio é o momento tamén de plantar en exterior todo tipo de cucurbitáceas. É dicir, cabaciña, cogombro, cabaza, melón ou sandía. Tamén podemos plantar cara a finais de mes xudía, tanto baixa como de enrame que, se todo vai ben, podemos cultivar a finais de xuño. Abril é un bo momento tamén para as cenorias, preferentemente en lúa minguante. Actualmente xa hai no mercado semente que vén pegada a tiras de papel.

Loxicamente, as condicións climáticas de Galicia varían moito dunha comarca a outra, polo que estes consellos haberá que adaptalos, atrasando as épocas de transplante en exterior se o clima é máis frío e estamos a maior altura.

PARA PLANTAR NA PRIMAVERA

Cultivo	Prazo colleita
Acelga	3-4 meses
Albahaca	2 meses
Alcachofa	22 meses
Alubia	5-7 meses
Apio	4 meses
Berenxena	5-6 meses
Calabacín	3-5 meses
Cabazas	4-5 meses
Cenorias	3-4 meses
Cebollino	3-4 meses
Guisantes	4-5 meses
Coles Bruselas	5-6 meses
Col Lombarda	6-8 meses
Escarola	3-4 meses
Espárrago	24-36 meses
Espinaca	2-3 meses
Fresón	12 meses
Garavanzos	5 meses
Lavanda	4 meses
Leituga	2-4 meses
Lentellas	5-7 meses
Millo	3 meses
Melón	3-5 meses
Pataca	3-4 meses
Pemento	5-6 meses
Rabanito	4-5 semanas
Remolacha	3-4 meses
Sandía	4-5 meses
Tomates	5-6 meses
Xudías	2-3 meses

RAZA GALIÑA DE MOS, A AUTÉNTICA!!!



A CARÓN DO AGRO

Todo un entramado empresarial de servizos

Empresas de todo tipo desenvólvense arredor do sector, modernizándoo e creando sinerxias

A tecnoloxía e a formación impulsaron o sector agro gandeiro nos últimos anos fomentando tamén o desenvolvemento dun entramado empresarial ao seu arredor que vai crescendo continuamente, a medida que as empresas se especializan e a tecnoloxía de desenvolve máis. Este conglomerado de empresas englobase en varios bloques dependendo dos servizos que ofrecen.

SERVIZOS AGRARIOS

O desenvolvemento dos proxectos agrarios é unha das funcións que ofrecen algunhas empresas do sector, en distinta medida e con distinta especialización. Unha empresa referencia na Terra Chá é **Transformaciones Agrarias Isidro Hermanos Blanco Trigo**, de Outeiro de Rei.



Con máis de 60 anos de historia, o grupo, cun marcado carácter familiar, está en continua evolución e modernización, de cara a ofrecer o mellor servizo nas dúas vertentes da empresa, a obra pública e a forestal. Para poder ofrecer todos estes servizos, a empresa conta coa última maquinaria do mercado, para evitar o traballo máis pesado, en especial para rozas e grades desbroces. Teñen medios técnicos á altura dun traballo profesional que contan con GPS en todas as máquinas. Unha empresa tamén orientada a traballos forestais é **Servicios Agroforestales Seoane**, situada en San Lorenzo de Árbol en Vilalba, que leva no sector máis de 20 anos, e é todo un exemplo de profesionalidade na Terra Chá. Céntranse nos traballos de preparación de terras, ensilados, sementeiras, recolección de forraxes, desbroces ou plantacións como vén facendo nos últimos anos a demanda do agricultor ou o gandeiro. Dispón de maquinaria especializada para realizar os labores demandados polos seus clientes, desde unha desbrozadora para a limpeza de montes ata trituradoras para restos de podas, ou retroexcavadoras para volver plantar, todo enfocado a un traballo moi variado. Os servizos máis demandados soen ser a trituración despois das talas e a posterior plantación. Tamén as tarefas de limpeza de fincas, e a reforestación. Tamén é importante no forestal, preparar a terra para as futuras plantacións ademais de para prever incendios.

ASESORÍA

O servizo de asesoría e enxeñaría é unha das partes imprescindibles do sector, en especial para o seu desenvolvemento e tamén para poder tramitar coa administración.

En Meira está **Xelda eido rural**, unha empresa nada no 2008 que conta cun equipo de enxeñeiros agrónomos e agrícolas vinculados co rural e que traballan desde o rural. Procuran a dinamización do mesmo mediante a estimulación



e a creación de novas iniciativas económicas, realizando o deseño de proxectos innovadores, sustentables e transversais que promovan un verdadeiro desenvolvemento rural. E que en Xelda realizan proxectos de todo tipo relacionados coas actividades agrogandeiras, dende a idea inicial, redacción do proxecto, dirección de obra, ate o remate final. O seu punto principal é o asesoramento aos clientes aportando solucións técnicas e construtivas que faciliten o proceso. Outras das accións que ocupan moito do seu tempo de traballo sempre son os traballos de topografía para as plantacións.

O despacho **Enxeñaría Rivas** de Castro Ribeiras de Lea ofrece un servizo integral enfocado á actividade rural como son os proxectos de ámbito rural, medición de parcelas, a valoración de fincas, informes periciais, subvencións, legalizacións, etc. Traballan da man dos organismos públicos tratando de acatar as normativas vixentes co fin de ofrecer solucións reais aos clientes. Sen dúbida, un dos seus servizos máis demandados son os plans de mellora, que engloban varias actuacións.

O **Gabinete Técnico Agropecuario Terra Chá** é unha cooperativa de profesionais con experiencia no asesoramento ás explotacións agrarias situado en Vilalba. Prestan asesoramento, servizos veterinarios e de enxeñaría agrícola dende

o 2001, pero non só co agro, senón con todo o relacionado co rural. No relativo á enxeñaría técnica agrícola inclúen estudos técnico-económicos, proxectos de obras agrícolas, alpendres, silos, etc. Fan formación técnica, charlas e cursos, tramitan axudas para actividades agrarias e de rehabilitación de vivendas rurais. Por unha banda, axudan aos clientes nas declaracións da renda, declaracións de IVE, transmisións patrimoniais, e contabilidade, declaracións fiscais de sociedades, Sat e Cooperativas e o seu asesoramento e creación, e moitos máis servizos. Tamén contan cuns excelentes servizos veterinarios de clínica, de xestión da reprodución, podoloxía, programa de mellora da calidade do leite, etc.

Xister é outra enxeñaría rural situada tamén no centro de Vilalba e realiza servizos de asesoramento a explotacións e á xestión territorial, topografía, proxectos e dirección de obra, trámites electrónicos coa administración, peritaxes, taxacións e tamén servizos de dron e de escáner 3D. Queda pouco que esta empresa non lle poida solucionar ao agrogandeira xa que ademais do que ofrece tamén traballa con gabinetes de avogados, asesorías fiscais, laborais, oficinas técnicas e gabinetes técnicos encargados de dar servizos no medio rural. Son unha Entidade de Asesoramento recoñecida pola Xunta de Galicia no 2015

RIVAS
ENXEÑARÍA

OFICINA TÉCNICA AGRÍCOLA
Avda. Terra Chá, N°28 - Entreplanta
Castro Ribeiras de Lea (Lugo)

Tel./Fax.: 982 310 469
Móvil: 636 145 149
info@ingenieriarivas.es
www.ingenieriarivas.es

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



SERVIZOS VETERINARIOS

Outro dos servizos de referencia na comarca é a que ofrece **Servizos Veterinarios Chairegos**, unha clínica de Rábade na que traballa Breixo González e que ademais do consultorio de mascotas atende animais de granxa, principalmente de ganderías pequenas de autoconsumo de ovino, caprino, porcino e avícola; así como outras de vacún e ecolóxicas. Ocúpanse de xerar a documentación e protocolos de desinfección para as explotacións, é dicir, protocolos de bioseguridade. Dispoñen polo tanto dun laboratorio para efectuar as probas de bioquímica que son necesarias. Ademais, asociados a outros centros participan dando cursos, como clases de adestrador canino homologado e auxiliar veterinario. Outras das funcións do veterinario, como sinala Breixo, é a de perito xudicial, para certificar os animais destinados ao matadoiro entre outras cousas.

EMPRESAS PROCESADORAS

O rural xera moita riqueza tamén cando se lle dá saída aos produtos que nos aporta a terra. Moitas industrias nacen tamén como

procesadoras ou comercializadoras. Ademais, ao seu redor tamén son necesarias outras empresas que traballan dun xeito transversal.

Grupo Entrepinares, empresa do sector agroalimentario dedicada á fabricación de queixos e derivados lácteos, ampliará as súas instalacións en Vilalba coa construción dunha nova fábrica que permitirá ampliar un 30% a súa produción actual.

Actualmente, Entrepinares xa representa o 6% do leite recollido en Galicia. Con este proxecto de investimento, a compañía ampliará as súas capacidades produtivas transformando, na propia rexión, unha materia prima de orixe local e de calidade excepcional en produtos de maior valor engadido, e pechando o ciclo (produción de queixo, xeración de soro e procesamento para a súa comercialización) no mesmo complexo industrial. Este proxecto alíñase coa Estratexia de dinamización do lácteo que é conseguir que no 2025 o 75% do leite producido en Galicia transfórtese na nosa comunidade. Esta estratexia de proximidade contribúe ao desenvolvemento sostible da compañía en dúas vertentes: por unha banda, impactando de maneira positiva no medio ambiente e, por outra, favorecendo

o desenvolvemento socioeconómico.

Outro exemplo é a empresa **Pata-tas Vilalba**, que se asentou no polígono Sete Pontes xa fai 16 anos e dende aquelas xa conta con 5 empregados que dan servizo a todas as demandas.

A raza da pataca galega por excelencia é a Kennebec, a cal traballan durante o inverno para despois dar paso de maio a agosto ás que veñen de fóra. Venden sacos de 20 quilos a particulares aínda que para froiterías ou tendas máis pequenas proporcionan as de 5 ou 10 kg.

SERVIZOS BANCARIOS

Caixa Rural Galega é unha entidade de crédito de base cooperativa con sede en Lugo e que foi creada no ano 1966, coa finalidade de servir como un instrumento para colaborar ao desenvolvemento e a profesionalización dun sector agrario e gandeiro que, naquela época na provincia lucense, se conformaba de múltiples explotacións familiares e de subsistencia. Así, a entidade nace cunha vinculación estreitísima con mundo agrario e rural, que desde entón vén conservando, aínda que o paso



dos anos fixo que esta se estendera a outros ámbitos máis urbanos e máis ligados con outros sectores de actividades.

Caixa Rural Galega ofrece un servizo financeiro completo que abarca dende contas correntes, libretas, así como calquera tipo de financiamento tanto para particulares como para empresas, labregos, gandeiros, autónomos ou profesionais, como préstamos, créditos, hipotecas ou financiamento mais específico como anticipos, confirming, etc. A caixa Rural Galega tamén ofrece produtos de investimento como é depósitos a prazo, seguros de aforro, fondos de investimento ou plans de pensión, así como unha ampla gama de seguros tanto patrimoniais como persoais, incluíndo seguros agrarios de Agrosseguro.

SUBMINISTRADORAS

A empresa sarriá **Prefabricados y Hierros Tourón** é outra das empresas ás que se acode dende o rural para levar a cabo moitos dos seus proxectos. Comezou a súa andaina no ano 1970, converténdose nunha Sociedade Limitada no 1992 e adquirindo a planta de formigóns Artai en 2018. Está dedicada á fabricación de ferralla e prefabricados de formigón.

A firma ofrece aos seus clientes un servizo completo desde a enxeñaría, pasando pola fabricación e terminando coa posta en obra, realizando a montaxe de naves mediante estruturas, *cerchas* e pórticos en formigón, coa cuberta da mesma, principalmente por placas de fibrocemento e panel sándwich.

**COMPRAMOS
MADERA
PINO Y EUCALIPTO**

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

**Hijos de
Ramón Rubal**

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

AS FERRAMENTAS

A maquinaria recomendada polos profesionais

Varias empresas de venda e fabricación traballan para facilitar e mellorar o traballo agrícola

Máis de 30 anos de experiencia no sector avalan a **Agrícola Veres**, asentada en Guitiriz. Antonio Veres segue a á súa fronte e con el o seu fillo Daniel. Contan cun amplo catálogo de maquinaria agrícola, gandeira e forestal. Tamén contan con produtos de xardinaría, recambios e unha sección de ferramenta usada que destaca polas súas espléndidas condicións. Outro dos seus servizos destacados é o de posvenda que garanten desde o seu taller propio especializado. En Agrícola Veres seguen destacando na venda dos tractores cortacésped, que melloran ano a ano, así como as motozadas.

De máis recente creación está **Rys Sesacar**, que naceu en tempos de pandemia en Vilalba. Ofrece unha ampla gama de produtos para satisfacer as necesidades de particulares, talleres e dos sectores agrícola, forestal e industrial. En Rys Sysacar dedícanse á venda de recambios e subministro de produtos agrícolas, de automoción, forestais e industriais; así como de maquinaria de xardín. Ademais, contan con taller propio para a fabricación de latiguillos hidráulicos, de freo e de aire acondicionado. Pero tamén realiza outras actividades como a reparación de maquinaria de xardinaría de bombas hidráulicas John Deere, de orbitroles, a fabricación de cables para desensiladora ou o mecanizado de pezas, entre moitas outras.

Na parroquia de Xermar, en Cospeito leva máis dunha década traballando **Reparacións Carlos**. Desde o seu taller dedícanse á venda e reparación de vehículos comerciais e agrícolas. Tamén

dispoñen dunha ampla gama de ferramentas para monte e xardín como cortacéspedes, desbrozadoras ou tractores, entre outras. Chegados a esta época do ano o que máis soen vender son cortacéspedes e desbrozadoras. No referente aos cortacéspedes, seguen a recomendar un de Husqvarna. Subliña tamén que un dos produtos que está tendo unha gran demanda son os robots. Son pequenos aparatos, de aspecto similar a un aspirador Rumba, que están a ter bastante éxito.

Corbar Maquinaria Agrícola é unha empresa de Sarria con máis de 20 anos de historia como referente no deseño, fabricación e venda de maquinaria agrícola. Desde as súas

orixes fóronse adaptando ás demandas dos gandeiros e agricultores, incorporando maior tecnoloxía e máquinas máis diversas. Contan tamén cunha tenda de recambios.

En Castro Ribeiras de Lea está situado **Lamas Ingeniería**, desde hai máis de dez anos. Esta empresa, desde a súa creación centrou a súa mirada nos vehículos. Dedícanse á homologación e legalización de vehículos e maquinaria industrial, agrícola e forestal. Encárganse tamén de poñer ao día vehículos con documentación antigas como os remolques agrícolas. Levan, así mesmo, a homologación das palas cargadoras e manipuladoras telescópicas Schaffer.

Neumáticos Vilalba, baixo o novo modelo de taller de mecánica rápida, comezou dedicándose exclusivamente á venda de pneumáticos e agora cubre moitas máis actuacións, como aire acondicionado, cambios de aceite e filtro, discos e pastillas de freo, amortiguadores, rótulas de dirección, llantas, baterías e accesorios.

TRITURADOR DE RODAS BERTOLINI BTS 65



Comercializa: Agrícola Veres

Modelo fiable e de alto rendemento para satisfacer as necesidades dos operadores profesionais. Herba, brotes, poliñas e vexetación baixa, matogueiras e restrollos: esta máquina non se detén ante nada e asegura unha excelente limpeza do chan, hortos e viñedos grazas á súa unidade de corte eficiente e potente, así como á súa anchura de traballo.

BATEDOR DE PURÍN



Comercializa: Corbar

Con diferentes modelos, galvanizados e espaciais para area. Fabricados en tubo estrutural con reforzos pregados en chapa de aceiro. Conta con pés de apoio desmontables e rodamento aspa sen mantemento e con triplo selado. Ten tamén cilindro hidráulico para inclinación, con regulador de caudal.

CORTACÉPEDE STIHL RMA 448 PV



Comercializa: Agrícola Veres

Cortacésped de batería RMA 448 PV potente e de gran tamaño cunha anchura de corte de 51 cm, función 4 en 1 (recollida, mulching, expulsión lateral e traseira) e multicoitela para superficies de céspede medianas. Ergomanillar pregable e cadro de control dixital con 10 anos de garantía.

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS



Comercializa: Corbar

Encamadoras de cubículos desde 0.7m³ a 2.10 m³ de capacidade en suspendidas e ata 6m³ en arrastradas. Fabricada en chapa de aceiro encartado con reforzos en parte exterior. Apta para diferentes materiais, area, serrín, carbonato, esterco seco e palla picada.

ASPIRADOR STIHL SEA - 20



Comercializa: Agrícola Veres

Coa práctica aspiradora de man de batería STIHL SEXA 20 poderás limpar áreas pequenas de forma rápida e sinxela. A aspiradora de man funciona cunha batería de ións de litio do sistema, para que poidas limpar comodamente, sen cables e sen ruído. É lixeira e fácil de usar. A cómoda empuñadura suave permite controlar o botón de acender e apagar comodamente sexas destro ou zurdo.

SOPLADOR HUSQVARNA 125B



Comercializa: Reparaciones Carlos

Soplador desenvolvido para tarefas ocasionais de mantemento de xardíns. 125B destaca por ser un modelo compacto, lixeiro e moi cómodo de usar, converténdose así na máquina perfecta para particulares que busquen facilidade de manexo e potencia. Equipado con control de aceleración, teclado intuitivo e tubo regulable.

DESBROZADORA OLEO-MAC 550 MÁSTER



Comercializa: Agrícola Veres

As desbrozadoras profesionais de Oleo-Mac foron deseñadas para os profesionais que buscan unha máquina potente, robusta e cómoda. O innovador soporte do filtro con diodo antirrefluxo de combustible prolonga a duración do filtro e garante as máximas prestacións. O cabezal axiliza a recarga do fío. Ao novo e atractivo deseño súmanse vantaxes como a alta potencia fornecida, o par cónico profesional con axuste macho M10 e o arnés profesional.

CORTACÉPEDE HUSQVARNA RIDER R 214TC

Eficiente, versátil e sinxelo de manexar, este cortacésped é capaz de traballar nos xardíns máis grandes con facilidade. A edición confort do modelo R 214TC está equipada cun volante de agarre suave e un asento alto e cómodo. Ten un motor de dous cilindros e unha plataforma de corte combinada de 94 cm que ofrece dúas opcións de corte: triturado e corte con evacuación traseira.



Comercializa: Reparaciones Carlos

EXTENDEDOR DE SILO



Comercializa: Corbar

Con bombos galvanizados. Entre as súas características figura chasis reforzado fabricado en chapa de acero pregado e aletas en aceiro de alta calidade con protector antichoque. Fácil acceso á verificación de niveis.

RODILLOS



Comercializa: Corbar

Rodillos desde os 2m a 10m en 1, 2 e 3 corpos. A súa función é romper terróns e uniformar a superficie do terreo para seméntaa.- O obxectivo é deixar a superficie o máis chaira posible e libre de obstáculos .

MOTOAZADA HUSQVARNA TF 230

Comercializa: Reparaciones Carlos



Motoazada sinxela de manexar, equipada con potente motor Husqvarna e parachoques para protexelo de posibles golpes durante o traballo ou o transporte. O seu guiador pregable e a roda de transporte son estándar. Caracterízase por contar con transmisión totalmente selada que aumenta a vida útil da máquina, mesmo nos cultivos máis húmidos. É a motoazada perfecta para aqueles usuarios que valoran a durabilidade e a eficiencia.

APÍCULTURA

A loita contra a avespa asasina

Arranca un plan piloto, un sistema de trampeo para atrapar ás raíñas con atraínte en lugares específicos

É unha voraz consumidora de abellas e o seu impacto sobre os panais é demoledor. Salvo o ser humano, non ten ningún depredador

Hai agora 20 anos, alá por 2004 detectouse por primeira vez en Europa a presenza da avespa asiática, máis coñecida polo nome de avespa velutina, introducida no Vello Continente a través dun cargamento de madeira a bordo dun buque que descargou no porto francés de Bordeaux. Oculta nesa madeira viaxaba un exemplar de raíña de avespa velutina con ovos fecundados e que foi a orixe da expansión desta especie invasora de insecto que en apenas dúas décadas logrou colonizar unha parte importante de territorio.

De feito crese que foi a través de Navarra e País Vasco como entrou na península ibérica, expandíndose rapidamente por todo o norte e chegando ata Galicia, onde atopou unha climatoloxía perfecta para a súa proliferación e onde nos últimos anos converteuse nun verdadeiro problema tanto ambiental como económico e social.

E é que o gusto das velutinas polas abellas autóctonas e pola froita madura ha posto en perigo non só a produción apícola e hortofrutícola en Galicia, senón que xerou un problema de seguridade polas súas potentes picaduras que feriron a un número importante de persoas, chegando nos casos máis extremos



a provocar a morte da vítima. Ata unha decena de casos mortais segundo informacións publicadas a finais de 2023.

Esta avespa asiática, tamén coñecida como avespa asasina, converteuse nunha auténtica ameaza biolóxica para os ecosistemas naturais e, en especial, para os polinizadores e as plantas que dependen deles. É unha voraz consumidora de abellas e o seu impacto sobre os panais é demoledor. Salvo o ser humano, non ten ningún depredador, polo que a especie proliferou rapidamente en Europa e Asia Oriental.

Desde que se detectou a súa presenza en Galicia, comezou unha batalla para tentar frear a súa expansión e os efectos nocivos provocados, ao principio case sen medios para poder destruír os grandes niños que constrúen no verán, aínda que rapidamente constatouse o perigo desta medida polo ataque dos

insectos, e improvisando trampas caseiras a base de calquera produto que as atraese, aínda que a risco de que nas trampas caesen todo tipo de insectos, o que provoca un dano maior no medio ambiente que o que se quere evitar.

Así, nos últimos anos as administracións públicas, Xunta de Galicia e Concellos fóronse dotando en primeiro lugar de material protector adecuado para os servizos que desde Protección Civil, Bombeiros e a empresa mixta Seaga (Servizo Agrario Galego) son os encargados de acudir ás chamadas que se reciben polo avistamento dos grandes niños secundarios, só o ano pasado máis de 56.000 avisos que permitiron a destrución de máis de 26.500 niños. E en segundo lugar, coa base científica e técnica que achegaron nos últimos anos as investigacións sobre esta especie realizadas nas tres universidades galegas e que están a

dar como resultado unha estratexia planificada e coordinada na que se están introducindo novos sistemas para poder controlar a proliferación da especie.

Entre outras está, adiantar as medidas á primavera para tentar acabar coas raíñas antes de que poñan en marcha todo o ciclo reprodutivo e controlar a súa proliferación.

Ademais estanse probando plans piloto como o novo sistema de trampeo para atrapar ás raíñas con atraíntes moi específicos, evitando así prexudicar a outras especies de insectos”, antes de que estas raíñas poidan desenvolver os pequenos niños primarios na primavera que no verán darán lugar aos grandes, que chegan a ter miles de exemplares. Unha trampeo que se realiza ademais en puntos xeolocalizados “xa que se constatou que é sempre nas mesmas zonas onde se produce a saída destes exemplares

INTELEXIENCIA ARTIFICIAL. A intelixencia artificial (IA) podería converterse na solución para evitar a súa expansión. Un equipo de científicos da universidade de Exeter, no Reino Unido, acaba de presentar VespAI, un sistema automatizado para a detección rápida desta especie. Conseguiron un sistema que detecta avespas asiáticas en tempo real – logrando unha enorme precisión–, que os atrae a unha estación de vixilancia, e que envía alertas de imaxes asociadas a través dun procesador remoto compacto.

A rápida identificación das velutinas con VespAI permite ás autoridades unha resposta inmediata.

AGRICOLA VERES



SERVICIO TÉCNICO PROPIO • 35 ANOS DE EXPERIENCIA NOS AVALAN

Avda. de Lugo, 11 - 27300 GUITIRIZ (Lugo)
Telf. 982 37 01 12 - Móvil 619 79 07 75 - agricolaveres@hotmail.com